



Os movementos de  
renovación pedagóxica e  
a renovación educativa  
na Galicia dos anos 90



# OS MOVEMENTOS DE RENOVACION PEDAGOXICA E A RENOVACION EDUCATIVA NA GALICIA DOS ANOS 90

O panorama da renovación educativo-pedagóxica e o profesorado.

**1** As características configuradoras da educación formal e institucional da sociedade española, e por inclusión da galega, durante o pasado período do franquismo, son valoradas como propias dun modelo educativo tradicional, polas súas finalidades e obxectivos, polos seus principios e criterios de actuación, polos currículos, polos procesos de actuación didáctica e polas funcións sociais de tal educación.

**2** A ausencia e mesmo o ataque ós principios democráticos e participativos en canto á organización social, a ausencia de democracia cultural, a profunda selectividade social inducida, entre outros factores, polos modos de intervención escolar, as características dogmáticas e autoritarias da cultura escolar, a inconsideración positiva dos contextos culturais e lingüísticos, como por exemplo o galego, a educación para unha sociedade excindida desde criterios económicos, políticos e sexuais, a non promoción da mobilidade social ascendente e equilibradora, a non integralidade dos procesos educativos, o autoritarismo, o cultivo irracional do memorismo, como os rasgos dominantes daquela educación, eran xeralmente promovidos e amparados tanto polas institucións públicas do Estado como pola Igrexa española.

**3** As loitas sociais, singularmente dos traballadores e dos universitarios, así como a necesidade de aproximación ós modelos culturais e educativos propios da maior parte dos países europeos occidentais, fixeron que aquel panorama comezara a mudar ó longo dos anos 70, xenerándose posicións ideolóxicas, orientacións e prácticas de educación contradictorias co anterior modelo. A súa acumulación e progresivo peso social, a fin do franquismo e das súas estruturas políticas, o crecemento dos impulsos colectivos favorables á democratización política, cultural e educativa, e un crecente clima social favorable á xeral renovación de principios, valores e conductas sociais, viñeron facilitando, fraguando e promovendo un maior desenvolvemento da renovación educativa española e galega, durante toda a pasada década dos anos 80.

**4** Fronte ós rasgos do modelo tradicional, a renovación pedagóxica ven comportando poñer de relevo aspectos como: a participación democrática, plural e politicamente organizada para defini-las finalidades e obxectivos do sistema educativo, a necesidade da xestión democrática das institucións escolares, a asunción dos principios de descentralización e autonomía, a incorporación das ciencias psico-pedagóxicas para informar e orienta-los procesos de intervención didáctica, a consideración do pluralismo filosófico, ideolóxico e

axiolóxico á hora de defini-la cultura escolar, a consideración do contorno sociolóxico, cultural e lingüístico das institucións escolares, a incorporación da cultura popular ambiental, a promoción de estratexias pedagóxicas de aminoración da selectividade social a través das funcións escolares e o favorecemento da mobilidade social ascendente, a potenciación dunha educación integral, a consideración dos factores de aprendizaxe, o maior protagonismo dos alumnos, novas consideracións procesuais do coñecemento e da cultura, a búsqueda dun sistema curricularmente integrado e ascendente, ou a posta en valor das conductas democráticas e solidarias.

**5** Unha conxunción de diversos factores sociolóxicos, organizativos, políticos, económicos e culturais viñeron facilitando ese panorama de renovación educativa, sen que isto nos permita afirma-la desaparición de todos os rasgos do modelo tradicional. En todo caso, os valores que predicán a Constitución española de 1978 e os seus desenvolvementos lexislativos orgánicos (LODE, LOGSE, LOPEG), ou ordinarios, tanto centrais como autonómicos, decántanse por un modelo renovado de sistema educativo, por máis que se poida pensar racionalmente que entre os "discursos" e "as prácticas" hai un treito amplo, contradictorio e con rasgos negativos. Mesmo se pode falar da aparición e consolidación intelectual dun neotradicionalismo ou neoconservadurismo, que afirma rasgos tradicionais reelaborados con elementos mixtificados extraídos do discurso renovador, mediante unha asimilación deformante.

**6** Entre os factores organizativos posibilitadores do panorama de renovación, está a implicación de diversos sectores do profesorado, singularmente aqueles organizados a modo de asociacións e de movementos de renovación pedagóxica, tanto na formulación e elaboración como na plasmación pedagóxica de concepcións pedagóxicas renovadas.

**7** Na Galicia dos anos 90 temos afortunadamente múltiples manifestacións do clima de renovación educativa e pedagóxica. Desde textos legais e normativos ata as numerosas experiencias de innovación escolar en diversidade de campos didácticos, pasando polo movemento de galeguización escolar, o grado de integración acadado na incorporación de accións educativas consideradas antes "extraescolares", a presenza de libros e material didáctico en lingua galega, a consideración da transversalidade e a educación axiolóxica, a incorporación escolar de alumnos con necesidades educativas especiais, a posibilidade de elaboración de "parciais" proxectos educativos de centros, ou as mesmas oportunidades ampliadas de formación do profesorado. O memorismo, o escolasticismo duro, a a-cientificidade dos contidos culturais ou a trasmisión dunha cultura pechada en todos os sentidos non son tampouco os aspectos que dominan a didáctica escolar. Hai graos observables do que é unha escola galega, pública e democrática, laica e pedagoxicamente renovada, ben que para moitos resulten claramente insuficientes. Un clima de renovación é propiciado polos Servicios de Educación dun número notable de Concellos, socioloxicamente falando. Limitacións á parte, o Gabinete da Reforma noutrora, os CEFOCOPS hoxe, incorporan nalgunha medida criterios de renovación pedagóxica, existen posibilidades maiores de atención ós centros educativos no medio rural, entre elas, a súa constitución en colexios rurais agrupados; o panorama de visitas a museos, audicións de concertos musicais, viaxes e intercambios, celebración de festas de encontro coa comunidade, práctica de animación á lectura, ou de indagación e estudo do medio, é tamén constatable. E non son os únicos síntomas ou manifestacións.

**8** Como dicíamos, o profesorado organizado en asociacións e movementos de renovación pedagóxica, aínda que con criterios non uniformes, en canto a principios, actuacións e propostas de profundización, ven sendo unha das claves de tales procesos de avance. Conxuntamente con diversas dinámicas asociativas de pais, de estudantes, sindicais e outras,

desenvolvidas no sector público; diferente é a "modernización" que preside o conxunto de prácticas do sector privado en Galicia.

## A BÚSQUEDA DO MODELO DE ESCOLA PÚBLICA.

**9** Chegados a este punto, hai disparidade de opinións sobre as metas conseguidas, existindo sectores organizados que pensan razoablemente que é preciso profundiza-los avances para efectivizar realmente un modelo educativo e escolar máis esixente, o denominado Modelo de Escola Pública, definido pola Confederación Española de Movementsos de Renovación Pedagóxica, na que se integran os grupos galegos, cos seguintes rasgos:

- -Gratuidade do servizo escolar. Os recursos económicos públicos deben ser para a escola pública. A concertación escolar deberá desaparecer como mecanismo de sustentación dos centros privados, que poderán integrarse nunha única rede escolar de carácter público. A escola gratuíta debe asegurar unha escolarización total e de calidade para todos.
- -Pluralismo. Unha escola pluralista que incorpora as diferentes culturas, enmarcada nos diversos contextos históricos e lingüísticos, que ten en conta as culturas minoritarias que conviven socialmente. Unha escola laica, de acordo cun estado aconfesional e que non practica o adoutramento, que garante a liberdade de expresión.
- -Escola investigadora e crítica; que promove que alumnos e docentes sexan os constructores dos seus coñecementos e cultura; que fomente o espírito crítico e o pensamento diverxente; non reproductora nin lexitimadora dunha orde social inxusta.
- -Escola autoxestionada, autónoma e que permita a real e non só formal participación de todos os seus sectores na súa xestión e organización.
- -Integradora da diversidade, que promova unha orientación antimarxinadora socialmente e compensadora das desigualdades; unha escola non competitiva; que parta do respecto e do dereito á diferenza.
- -Coeducadora, combatendo os roles sexuais preestablecidos.
- -Integradora dos suxeitos con diminucións e necesidades educativas especiais.
- -Educadora nos valores de paz, de liberdade e da solidariedade.
- -Potenciadora do desenvolvemento cultural endógeno e por tanto no noso caso da galeguización ata a súa normalización, como dereito cultural e lingüístico.
- -Asentada no criterio de territorialidade na súa xestión e organización.
- -Con estrutura de tronco único obrigatorio, mediante a súa unificación nun sistema pedagoxicamente coherente e sen seleccións intermedias, e a dotación dun corpo único de docentes.

**10** Sen dúbida, o noso sistema educativo incorporou en medida non existente anteriormente diversidade de aspectos deste conxunto de criterios, pero tamén, sen dúbida, fíxoo só parcialmente, mentres aparecen novos retos e situacións socio-culturais que obrigan a profundiza-la definición do modelo de Escola Pública que defenden os Movementsos de Renovación Pedagóxica e a súa estratexia e metodoloxía de intervención social e escolar.

**11** A consecución máis plena e acabada do modelo de Escola Pública como proxecto educativo e organizativo globalizador só poderá ser posible nun marco social,

productivo e cívico presidido por principios de plena democratización, de respecto e promoción dos dereitos humanos, de potenciación de desenvolvemento cultural e lingüístico dos pobos e comunidades nacionais, de promoción da autonomía e da solidariedade social, nacional e internacional, onde predominen o factor humano e a cooperación sobre outros posibles criterios conducentes á exclusión, á división social e internacional, á hexemonía de uns sobre outros e ó mantemento da pobreza, da explotación humana, e das inxustizas, o que sitúa a consecución do modelo de Escola Pública nun horizonte de transformacións sociais, políticas e económicas, que hai que entender coas claves de construción dunha sociedade socialista, en relación coa que carecemos actualmente de modelos globais válidos, aínda que si coñecemos-las notas que a deberán caracterizar.

**12** É esta unha aposta que trascende o máis especificamente institucional e organizativo escolar, precisándose para a súa consecución, a converxencia de obxectivos, programática e organizativa entre os sectores sociais que procuren a transformación da actual sociedade no sentido aludido e do actual sistema educativo, cara a consecución do Modelo debuxado. Un Modelo de Escola Pública Galega no noso caso. Ese é o pretendido sentido dos Movementos de Renovación Pedagóxica, que se definen actualmente no Estado español como "movementos sociais de base"-concepto organizativo distinto doutros como "partidos políticos", "sindicatos", "fundacións", "grupo de traballo profesional", "simples asociacións"-, formados por profesionais e técnicos educativos, organizados de modo permanente e estable, con independencia e autonomía organizativa con respecto á Administración Pública e outras organizacións, para desenvolver tarefas e actividades de reflexión, investigación, debate e difusión pedagóxica que aínda sendo parciais e sectoriais, teñen a vontade de integrarse nun marco globalizador de elaboración, cara a consecución máis plena do modelo de "Escola Pública"

**13** Os movementos de Renovación Pedagóxica entenden singularmente a "renovación pedagóxica", como a búsqueda e a consecución do modelo de Escola Pública, unha proposta tanto política como pedagóxica, campo este último no que directamente pretenden centrarse, a través da contrastación teoría-práctica e do desenvolvemento dun pensamento práctico, ao sistematiza-la práctica da renovación, para así construír a especificidade pedagóxica e técnica do Modelo, cunha metodoloxía de traballo colectiva, participante e cooperativa.

**14** A tales efectos, os movementos de renovación pedagóxica reclaman o protagonismo formativo dos propios ensinantes, procuran fomenta-la globalidade e desde posicións socio-educativas transformadoras, tamén, a expresión do pluralismo ideolóxico, patentizado na definición de puntos de vista, sen verse obrigados a asumir unha única análise socio-política, nin formular unha estratexia politicamente delimitada.

**15** Por todo o anterior, defínense como estruturas organizativas para a búsqueda de logros que consideran e integran, pero que ademais superan, o perfeccionamento técnico, a reciclaxe sectorial ou a consecución de innovacións didácticas, e aceptan a confrontación de modelos e prácticas escolares, polo que mesmo se constitúen en plataformas de opinión, co ánimo de participar nun movemento social amplo, intentando xenerar poder social para avanzar na construción do novo modelo.

**16** A especificidade nacional e social de Galicia e a súa identidade cultural e lingüística conforman o escenario específico de construción do modelo de Escola Pública Galego,

cosa que os movementos de Renovación Pedagóxica definen como a necesaria "territorialización" das súas intervencións educativas organizadas.

## **TECIDO ORGANIZATIVO, RENOVACIÓN PEDAGÓXICA E PROXECTO DE ESCOLA PÚBLICA NA GALICIA DOS ANOS 90.**

**17** Son varios os planos de observación e descritivos, os que poden ser considerados. Desde unha perspectiva ampla e xenérica que inclúe liñas e accións tendentes a favorecer unha reforma democratizadora da educación e o cultivo nesa liña das innovacións didácticas, ata a toma en consideración dunha renovación pedagóxica dirixida a construír un proxecto alternativo de Escola Pública Galega. En calquera das dúas direccións podemos observar dinámicas que se desenvolven a través das administracións públicas ou mesmo da iniciativa privada. Dinámicas nas que inteveñen de modo directo sectores do movemento sindical, do movemento de pais e estudantes e do propio profesorado.

**18** Fronte ás posicións tradicionais e neoconservadoras existe un diverso tecido organizativo favorable á renovación da educación. De modo moi sintético, porque o noso interese se centra agora nas dinámicas impulsadas polo profesorado, é de sinalar que moitas das accións, contribucións e funcións actualmente desempeñadas por toda a ampla rede de institucións universitarias para a formación de profesores e técnicos da educación son proclives á renovación pedagóxica, tanto por razóns intelectuais como mesmo pola presenza no seu seo de profesionais cun claro empeño en tal dirección, dos que unha parte menor forma parte ademais dos grupos ou movementos de renovación pedagóxica en Galicia. Algo similar ocorre noutras instancias, como Centros de Recursos ó servizo da escola rural, Equipos Psico-pedagóxicos de Apoio ou Centros de Formación Continuada do Profesorado dependentes da Administración Autonómica galega, ou nalgúns dos servizos municipais de educación, substancialmente presentes e actuantes en Concellos con goberno a cargo das forzas políticas PSOE de Galicia ou BNG ou outras das esquerdas.

**19** Son tamén proclives á renovación algunhas das instancias que como Casas da Cultura e Bibliotecas, Museos ou Editoriais Galegas, promoven accións culturais e galeguizadoras favorables á causa da reforma social da educación e a galeguización cultural e lingüística.

**20** O mesmo podemos dicir acerca de diversas instancias e entidades formadas por profesionais varios, moitos deles educadores, como puideran ser e citados a modo de exemplo, o "Colectivo do Menor", a asociación "Chavorré Calé", entre outras.

**21** Dentro do que é o campo do movemento estudiantil non se aprecia un tecido organizativo duradeiro, cun discurso e prácticas consistentes a prol da renovación, máis inconcreto aínda ó falar do Proxecto de Escola Pública Galega. Valoración esta que podería aplicarse con precaución ó movemento de pais, dentro do que, en todo caso, hai que recoñecerlo papel positivo da estrutura organizativa e órganos directivos da Confederación de Asociacións de Pais de Centros Públicos de Galicia (CONFAPA); dicimos da estrutura e non de todo o conxunto, ante a precariedade efectiva en que se vén desenvolvendo a súa actuación como movemento social de base, o que non nega a implicación viva de moitas APAS na causa da renovación educativa mesmo con perspectiva alternativa. Con todo, segue a manterse un talón de Aquiles que ten que ver coa febleza manifestada e mesmo o rechazo da galeguización lingüística escolar, na perspectiva da súa normalización.

**22** Debemos xa pasar a analiza-lo tecido organizativo dos profesores, co horizonte do Modelo ou Proxecto de Escola Pública Galega.

Forman ese tecido organizativo en primeiro lugar as organizacións sindicais entre as que sinalamos por orde de peso electoral nas últimas eleccións: CIG, CCOO, FETE-UGT, STEG. Defenden o Proxecto de Escola Pública, con acentuacións e matices importantes que son o expoñente do pluralismo sindical no campo progresista desde o punto de vista socio-político. Pero en ocasións, e cando se ven obrigados a iso, ofrecen ou constrúen propostas pedagóxicas deficitarias ou con insuficiente grao de coherencia co Proxecto de Escola Pública, en parte debido á súa propia natureza e finalidades e por "ter que dar respostas" a demandas e expectativas dos seus afiliados e posibles votantes que con frecuencia obedecen a unha lexitimidade e racionalidade político-sindical máis que a unha racionalidade técnica e psico-pedagóxica.

**23** Estas limitacións teñen sido observadas nos últimos tempos en asuntos relacionados coa existencia de recursos económicos públicos canalizados á escola infantil privada, beneficiando ó profesorado contratado, maioritariamente afiliado sindicalmente; coa participación dos pais nos Consellos Escolares; co tratamento dado nalgúns momentos á cuestión da Xornada Unica, co papel dos profesores na etapa da educación infantil, co que supón unha educación integradora na etapa ESO, ou co que é a loita pola normalización lingüística.

**24** Cómpre, con todo, sinalar que todo Sindicato de Traballadores do Ensino con horizontes sociais alternativos e de reforma é non só un instrumento de defensa do posto laboral senón tamén da dignificación social da profesión, cuestión que pode incluír a reivindicación de mellores condicións de vida e de traballo, o que se presenta unido coa calidade do ensino, ligándose indefectiblemente á temática da renovación e da transformación escolar. Para tal reflexión e a elaboración das oportunas reivindicacións tamén pode dotarse dun espacio específico de estudo, pero os sindicatos, dificilmente poderán focaliza-lo central das súas enerxías na actuación educativa e no día a día, con específica atención ós modelos pedagóxicos, ó debate, ó intercambio, a experimentación e ás construcións teóricas elaboradas segundo unha metodoloxía científica.

**25** Hai que falar tamén de Asociacións Pedagóxicas como as denominadas: Escola Crítica, Seminario Permanente de Educación para a Paz (impulsado noutroa desde a CXTG), Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA), Asociación Galega de Psicopedagogía, Asociación de Profesores de Inglés de Galicia (APIGA), Quinesia ou algúns grupos comarcais de mestres, de natureza inestable.

**26** Este conxunto de Asociacións teñen notable importancia desde a óptica renovadora de que falamos. Ás veces, en particular desde a óptica da innovación. Se cadra sería positivo que fosen máis numerosas. Aportan, nuns casos, unha compoñente de preparación técnica didáctica ou psico-pedagóxica, noutros, unha preocupación forte por temáticas relevantes para o logro dunha escola democrática, ou realzan o valor da acción microterritorializada, pero que pola súa natureza sectorial e alcance organizativo, ou polas súas finalidades específicas, non poden elaborar ou abordar con suficiencia un proxecto de Escola Pública Galega. Mesmo con frecuencia nin o abordan como cuestión central.

**27** E debemos falar dos grupos que en Galicia se autodefinen como "movimentos de renovación pedagóxica"; son eles, no presente, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega



(ASPG), a Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa (ASPGP), Escola Viva, Escola de Verán de Lugo, Instituto Galego de Sócio-Pedagogía (ISPG) e Nova Escola Galega.

## ¿RESPONDEN EFECTIVAMENTE À SÚA AUTODEFINIÇÃO? HAI DE TODO.

**28** Debemos sinalar que uns máis que outros. compre valorar alén da nosa particular experiencia, unha vontade por parte dos promotores dos diversos grupos de insertarseterreo de dinamicas de bases; Todos organizan diversas accións para a formación do profesorado, con perspectivas favorables á escola públicae a súa democratización. Nalgúns casos desenvolven unha considerable dinámica de celebración de cursos e outras actividades. Aínda así, ás veces a súa estreita conexión sindical ou o seu impulso dende o ensino privado, ou a súa excesiva atención ó desenvolvemento de innovacións, con escasa vontade de participación nun movemento social de vocación alternativa, limitan a súa plena expresión en tanto que movemento de renovación pedagóxica.

**29** Queda, por fin, falar de Nova Escola Galega, a plataforma que sen dúbida reúne en Galicia o modelo máis acabado de Movemento de Renovación Pedagóxica, e con todo lastrada nos actuais momentos pola reducida dinámica participativa, grupal e cooperativa para a elaboración e a construción do desexable Proxecto de Escola Pública Galega, proseguindo deste modo o rico desenvolvemento manifestado durante o perido 1983-1989, de moi considerable importancia en Galicia. As súas contribucións seguen sendo notables, porque se mantén o discurso proxectivo-teórico a través das accións e conductas desenvolvidas polos grupos de traballo que permanecen e por un moi alto número dos seus afiliados, pero corre o risco de pasar a ser unha páxina da recente historia de non proceder a un serio reexame.

**30** Examinado de tal modo este panorama, a realidade do movemento de renovación pedagóxica en Galicia presenta unha feble fasquía. A pesar das diferencias organizativas e dos aspectos contradictorios existentes entre os anteriores seis grupos, que poderían agrupar a uns mil profesores e profesoras ó principio dos anos 90, houbo algúns intentos de realizar unha actuación e enfoques conxuntos, a efectos precisamente de fortalecer ese tecido organizativo e a súa capacidade de influencia social. Nesa perspectiva no ano 1989 chegaron a constituirse en Coordinadora, sen que tal significara outra cousa que unha unificación de posicións ante o reparto de subvencións da Consellería da Educación destinadas á Movementsos de Renovación Pedagóxica, seguindo unha política de carácter estatal.

**31** Mesmo se chegaron a definir en Febreiro de 1991 unhas bases para o funcionamento dos MRP de Galicia, para desembocar nunha Federación Galega de MRPs, "caracterizada pola independencia, autonomía, pluralismo e territorialización", facendo da Federación, "un instrumento para aunar esforzos, coordinar experiencias e facer posible os nosos obxectivos dentro dun proxecto de sociedade galega máis xusta e igualitaria. Era nun momento no que se afirmaba que as relacións enre os MRPs de Galicia "se caracterizaron pola competencia e incomunicación, situación que estaba agora a ser superada". A colaboración pretendida supoñería levar a cabo as seguintes medidas:

- Intercambio e comunicación constante entre os colectivos (presencia dos asociados/as nas actividades dos outros colectivos, tanto como ponentes como asistentes; comunicación entre as directivas...).
- Non interferencia de actividades (a ter moi presente na confección dos calendarios de actividades, tanto de verán como de inverno).

- Organización do conxunto de actividades en zonas e localidades (tal como se vén facendo xa no caso do Morrazo e Ferrol).
- Realización conxunta de actividades monográficas (normalización lingüística, educación das persoas adultas, educación infantil...)
- Coordina-las iniciativas dos MRPs, respectando a autonomía de cada un, para chegar a posicionamentos comúns ante a Administración.
- Funcionamento por consenso, ata o nivel máximo posible, na toma de decisións no seo da *Mesa Galega de MRPs*.
- Asumi-la representación naqueles órganos ós que teñan acceso (Consello Escolar de Galicia, Consellos Escolares Municipais).
- Asumi-la representación dos MRPs galegos na *Confederación Estatal de MRPs*.

**32** Sen avanzar outros pasos, no verán de 1991 os grupos ASPGP e Escola Viva decidiron pola súa parte legalizar unha Entidade denominada Federación Galega de MRPs, ás agachadas, o que excindiu a dinámica conxunta. Os demais trataron de recompoñer aquelas perspectivas de colaboración e con tal pretensión o 25 de Xaneiro de 1992 houbo en Barreiros (Sarria) un Encontro entre as Directivas de ASPG, Escola de Verán de Lugo e Nova Escola Galega, tratando de consolidar un espazo organizativo conxunto, con actividades, documentos comúns e a aproximación territorial dos afiliados ás distintas organizacións, as catro legalizaron unha coordinadora galega de MRPs e nomearon un órgano directivo pero a existencia de certas incapacidades sobre as mellores perspectivas posibles de acción teñen limitado ata o presente o seu alcance.

## **NOVA ESCOLA GALEGA COMO EXPERIENCIA ORGANIZATIVA. VALORES, CONTRIBUCIÓNS E LÍMITES.**

**33** Nova Escola Galega naceu no ano 1983 por impulso de varios colectivos de renovación pedagóxica preexistentes en Galicia. Fixo con características singulares, nun contexto de posta en marcha da autonomía política educativa de Galicia, cun horizonte e como consecuencia da análise das experiencias previas de carácter organizativo.

**34** Entre as varias experiencias de grupos pedagóxicos do profesorado surxidas nos anos 70 en Galicia foi ACIES (Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar, ou Grupo Freinet) a experiencia máis acabada. A preocupación por integra-lo debate, a reflexión e as experiencias didácticas para unha nova pedagogía nun marco global de transformación da escola; o seu ánimo de alcance galego a través da articulación de grupos de zona; o interese por crear materiais didácticos en galego, acompañandoos da sensibilización a través da revista pedagóxica *As Roladas*; o protagonismo dado ó pedagóxico e a independencia organizativa con respecto a outras estruturas político-sindicais, como tamén a importancia dada ó traballo asociado entre ensinantes progresistas, máis alá dos grupos primarios, e tratando de incidir socialmente na transformación escolar.

**35** Varios anos de experiencia revelaron tamén diversas limitacións: voluntarismo organizativo para suplir unha moi deficiente estrutura, algúns intentos de hexemonización político-sindical rompendo o espírito de consenso, o desasistimento de apoios externos por parte doutras organizacións e sectores interesados nas transformacións escolares, a deficiente ordenación de grupos de traballo formados entre asociados con varias situacións de iniciación ou desenvolvemento, a incapacidade para incorporar profesores de

diversos niveis educativos, contraditoriamente coa vontade de incidir no conxunto da educación.

**36** Foi esta última limitación, como tamén a da precariedade organizativa, as que mellor superou a ASPG nacida no 1978. Expresou unha tensión de desenvolvemento da incidencia social e afirmou a potencialidade do discurso político subsistente ás construcións pedagóxicas, pero á súa volta desde o inicio, e nuns momentos máis ca outros, algúns dos seus rasgos e lazos organizativos teñen reducido a súa potencialidade global, ó servizo da renovación pedagóxica.

**37** A Escola de Verán de Galicia ou o grupo Escola Viva, , de modo similar a algunhas das funcións da ASPG téñense revelado como intentos de garantir espazos de influencia sindical e ideolóxica, máis que pedagóxica, de modo máis declarado no caso de Escola Viva, transmisora da política oficial da Administración Educativa do PSOE, incapaz de establecer con ela unha relación dialéctica, cuestión en cambio si desenvolvida pola Escola de Verán de Galicia.

**38** Pola súa parte os colectivos sectoriais, coa súa elaboración de material didáctico e o debate de experiencias didácticas como virtude, revelan, sen embargo, como deficiencia a súa moi precaria estrutura organizativa, o seu restrinxido ámbito, a súa sectorialización didáctica, a estreitura do discurso ideolóxico pedagóxico de fondo, ben é certo que explicable por un intento premeditado de non caer en debates que puidesen ser paralizantes para a intencionalidade pretendida. Deficiencias que explican, parcialmente, o esgotamento que neles se reflectiu á altura de 1982. A conciencia de tal agotamento contribuíu á creación de Nova Escola Galega.

**39** Fenómenos como a Escola de Verán de Lugo (na que podemos recoñecer unha certa recolleita do legado das "escolas agrícolas", e da acción renovadora promovida desde o Colexio Fingoi, a de Mugardos e a de Corcubión, tendo un evidente interese como plataformas de comunicación pedagóxica de carácter comarcalizado, patentizan, sen embargo, a inexistencia dunha tensión creativa capaz de xerar un núcleo activo de movemento de renovación pedagóxica.

**40** A análise dos éxitos, méritos e limitacións serviu para xera-lo proxecto de Nova Escola Galega, que nace coas seguintes características e rasgos:

- Coas características plenas asignadas a un MRP.
- Como movemento educativo de base con ánimo de aglutinar a profesionais de diversos niveis e situacións educativas.
- Asumindo o Proxecto de Escola Pública, a galeguización e a normalización.
- Con intención de manter unha relación dialéctica coa política educativa oficial, ó tempo de querer participar democraticamente nas estruturas institucionais relacionadas coa educación e a formación do profesorado.
- Como instrumento operativo para a formación permanente do profesorado, preferentemente en campos contradictorios coa política oficial.
- Como instancia para contribuír a xerar poder social transformador e para incidir no ritmo e dirección de renovación pedagóxica, a través de diversas institucións, centros e instancias relacionadas coa educación.

- Co desexo de manter unha estrutura organizativa e de comunicación estable, mobilizadora, implicadora, transparente, democrática, na que proceder a tomas de decisións definidas substancialmente por consenso.
- Integradora das varias manifestacións ideolóxicas (políticas e sindicais) configuradoras do progresismo educativo e social.
- Co desexo de promover-lo desenvolvemento territorial educativo, a través de grupos didácticos e de formación en xeral.
- Co ánimo de aguilloa-la consciencia de formación técnica e intelectual dos seus asociados na búsqueda da profesionalidade, buscando un diálogo dialéctico entre as dimensións sectorial e global.
- Co desexo de manter unha constante apertura e colaboración con outros colectivos e MRPs tanto en Galicia como no Estado Español.

Algo de todo isto se expresaba coa aprobación dos Estatutos:

*NOVA ESCOLA GALEGA nace coa finalidade xeral de impulsa-lo traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia, por medio de agrupación e da cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel educativo e de todos os socios e colaboradores que pretenden contruír coa súa situación e reflexión á renovación pedagóxica da educación e á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO E DEMOCRÁTICO. (ESTATUTOS, Art. 3).*

En tal sentido, trazábanse as seguintes posibles actividades:

1. *Contribuír á formación, perfeccionamento e actualización pedagóxica.*
2. *Coordena-las entidades, grupos e persoas no estudio de todos os aspectos relacionados coa renovación pedagóxica.*
3. *Promover e apoia-las iniciativas de experimentación e intercambio pedagóxicos.*
4. *Formar e expresar opinións sobre os problemas do ensino e estudar unha liña pedagóxica acorde cun modelo educativo científico e democrático.*
5. *Constituír grupos de traballo de estudio sobre a mellora da educación, normalización lingüística e cultural.*
6. *Organizar cursos, seminarios, congresos, certames e outras formas de intercomunicación pedagóxica.*
7. *Publicar e difundi-las actividades, constituír arquivos de documentación.*
8. *Asesora-las asociacións, organismos e outras entidades en cuestións pedagóxicas.*
9. *Manter relacións con outras entidades de obxectivos semellantes.*
10. *Colaborar con criterio de independencia con entidades relacionadas coa educación.*

**41** Nova Escola Galega centra, por iso, os seus labores na investigación, na formación, no intercambio e difusión pedagóxica e na análise crítica das situacións, propostas e na elaboración de alternativas educativas, a través dunha metodoloxía cooperativa entre os asociados e da búsqueda de conexións con aqueles outros sectores educativos e sociais interesados na transformación democrática da educación, querendo ser unha expresión colectiva, solidaria e protagonista para a constitución dunha nova escola.

**42** Nestes anos promoveuse a constitución de grupos e equipos didácticos en moi diversos campos, especialmente nos anos 1984-87, hoxe en cambio reducidos a media ducia e agupando a algo máis de 40 asociados; promovémo-la realización de Conferencias, Seminarios, Mesas Redondas, Encontros sobre a educación infantil, a escola rural, a normalización no Ensino, a Reforma Educativa, a educación dos adultos, a pedagogía da imaxe, a organización escolar, a educación física, a educación ambiental; potenciámo-la celebración de Escolas de Verán de ámbito galego ou de carácter comarcal (As Mariñas, O Morrazo, Fisterra, Ferrolterra...); participamos colaborativamente en Encontros e xornadas organizadas por outras institucións; xeramos instrumentos periódicos de información e debate como o **Boletín Interno**, o **Boletín Nova Paz**, a **Revista Galega de Educación** ou os suplementos de prensa educativa **A Pizarra-Faro de Vigo** ou **Na Escola-La Región**; suscitámo-la edición de diversos documentos de debate e de formación; colaboramos no desenvolvemento editorial galego en campos como a creación de libros e materiais didácticos, a literatura infantil e xuvenil; procuramos unha permanente presenza reivindicativa e propositiva a través dos medios de comunicación.

**43** Noutra orde cousas, procurouse manter ou promove-la conxunción entre os MRP de Galicia; tívose unha constante presenza, superior a calquera outro grupo, nos Encontros e traballos da Confederación Española de MRPs, favorecendo a presenza neles de bastantes asociados a través de todo este periodo; colaborouse na Plataforma pola Normalización Lingüística no Ensino; potenciouse a constitución dunha plataforma ampla conducente á elaboración do **Modelo de Normalización Lingüística no Ensino**, como tamén na constitución dunha plataforma pola Calidade do Ensino Público; houbo colaboracións productivas, aínda que puntuais co movemento de Pais (A CONFAPA, a Federación de Vigo...) e mesmo contribuímos á extensión no seu día de APADEL, da Mesa pola Normalización no Ensino, ou dun movemento de sensibilización social arredor da educación infantil. A través dos grupos e encontros de educación para a paz, mantemos intercambios e apoios a diversas ONGs. A participación de asociados ten sido relevante na constitución de servicios municipais de educación. As aportacións intelectuais de diversos asociados ten sido tamén notable en varios estudos técnicos sobre a educación en Galicia. O mesmo se pode dicir polas contribucións dadas a grupos como Enxergo de Filosofía, a Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil, o grupo Gaia de Educación ambiental, a Preescolar na Casa, ou Pé de Imaxe baixo a coordinación de NEG.

**44** Alén da influencia nos diversos Centros de Educación, ten tamén influído a nosa presenza en ámbitos como os CEFOCOPs, o Gabinete para a Reforma, o Consello Escolar de Galicia e algúns de carácter municipal, así como en varios Centros de Recursos, EPSAs, ou a modo de Coordinadores de Galego.

**45** Ten ofrecido Nova Escola Galega algunhas importantes elaboracións documentais: **NEG e a Reforma Educativa**, **Unha nova escola rural**, **Modelo de Escola Pública Galega**, **Modelo de Normalización no Ensino**, **Na procura dunha Escola Pública Galega**, **Manifesto galego de Educación para a Paz**, **A Xornada Escolar**, **Os Equipos de Normalización**, **A**

**formación do Profesorado, Posición ante o Proxecto de Lei de Participación, Dirección e Supervisión Escolar, a Declaración dos Dez Anos da Asociación "Que florezan cen escolas novas", ou a Posición ante o Decreto de Normalización no Ensino do ano 1995.**

**46** Conscientes, por outra parte, de formar parte dun proceso cun raíces históricas, fixemos nomeamentos de honra como asociados, nas persoas de educadores e educadoras que iniciaron o seu traballo con similares perspectivas nos tempos da II República Española.

**47** A finais dos anos 80, por motivos varios, detectamos unha primeira situación de inestabilidade, unha perda de dinamismo e de efectividade, ante a que se reaccionou cunha maior implicación persoal dun número reducido de asociados, mentres no exterior as cousas ían cambiando, tamén coa nosa contribución, de tal modo que determinadas orientacións, posicións e prácticas preconizadas por Nova Escola Galega, entre outros colectivos, ían sendo patrimonio compartido, deixando de ser pois reivindicacións e bandeiras dos MRP. Os primeiros anos 90 foron logo anos de novo impulso, que lle permitiron chegar á Asociación cun aceptable vigor á celebración dos 10 anos en 1993, para con posterioridade encetar unha caída no potencial, na conciencia de ser, na efectividade e no dinamismo organizativo colectivo, aínda que non afortunadamente en canto á influencia transformadora aportada polo conxunto dos asociados, pero co risco de comezar a diluírse.

**48** Colectivamente neste último período, elaboramos algúns documentos e posicións valiosas, contribuímos á sensibilización social sobre a escola pública, tivemos unha intervención moi notable en canto ó desenvolvemento dunha pedagogía da imaxe e da educación axiolóxica a través das actividades de educación para a paz; difundimos publicacións periódicas, fortalecemos a **Revista Galega de Educación**, favorecemos os espazos de debate e elaboración sobre os Proxectos Educativos.

**49** Pero ó mesmo tempo perdemos colectivamente dimensión e capacidade organizativa en campos como: a educación en contextos rurais, a normalización, a dinamización de grupos didácticos, a incidencia exterior das nosas elaboracións na educación infantil, a educación ambiental, as elaboracións ligadas á Reforma Educativa; en parte, certo é, pola xeneralización destas preocupacións no conxunto do sistema educativo. Reducimos a dimensión territorial organizada da Asociación, e a variedade de formas de encontro e de intervención. Comparativamente non gañamos en intensidade colectivamente falando. Hai unha certa perda de animadores de grupo, unha redución paulatina no número de membros e participantes, e síntomas de cansazo e incapacidade nos compañeiros e compañeiras tradicionalmente máis dispostos a asumir tarefas organizativas e directivas. Todo isto, non se esqueza, no contexto dun panorama galego socio-organizativo caracterizado polo reducido peso do tecido asociativo.

**50** ¿Por que ocorren estas circunstancias problemáticas? Son diversos os factores. No inicio procurabamos dar algunhas respostas a expectativas e demandas formativas e outras do profesorado e algunhas delas, actualmente, mantendo a súa vixencia, encontran a súa satisfacción dentro das actuacións ordinarias da Administración Educativa, que mesmo gañou protagonismo tal como consideramos que é o seu deber. Tamén un número estimable de animadores que nun tempo realizaban ese exercicio desde as estruturas organizativas de Nova Escola, realízano hoxe en primeiro lugar desde as diversas estruturas da Administración Pública, sen por iso deixar de compartilo proxecto da Asociación, ó que en casos segue contribuíndo consentemente. Mesmo ten habido incorporación de animadores ó traballo de carácter sindical.

- 51** Por outra parte, o sistema educativo incorporou e integrou, aínda que non como nós quixeramos, unha parte do noso discurso e das nosas conductas, facendo que a dialéctica entre o establecido e o pólo alternativo sexa máis difícil. Hai mesmo outras organizacións, como as de carácter sindical, máis capacitadas para responder a determinadas demandas do que os MRPs. Ou outras de carácter político.
- 52** Hai tamén cambios na educación, e na visión das funcións escolares, que modifican a imaxe, as competencias e o universo simbólico da profesionalidade docente, creando incertidume, que resulta ás veces paralizante. Sen esquecer, a existencia de "inseguridade" sobre o modelo alternativo de sociedade, cara ó que enfocar unha acabada definición do Proxecto de Escola Pública, polo que loitar, o que incide negativamente favorecendo a perda de sentido e a desmobilización. A iso podemos engadir que ó longo da vida profesional dun profesor poden rexistrarse cambios nos intereses profesionais polo que o interese dunha primeira afiliación pode verse modificado ó longo dos anos e así tamén os intereses participativos.
- 53** Este panorama é percibido actualmente polo conxunto de MRPs no Estado Español. Así, por exemplo, as Escolas de Verán, o máximo escenario de comunicación entre os MRPs, o conxunto dos ensinantes e a sociedade deixou de ser referencia dominante, unha vez que nas mesmas Escolas declinou o interese pola reflexión teórica e política e polas alternativas escolares, ó tempo que diminuíu a capacidade de produción e de comunicación colectiva, nun contexto de desmobilización da sociedade civil, mentres se rexistrou un proceso de parcial normalización da vida democrática e institucional.
- 54** Cómpre finalizar sinalando que as contribucións de NEG, en todo este período, para a renovación e a transformación da vida educativa en Galicia, particularmente nos campos ós que se ten aludido, son evidentes e non se volverá sobre elas. Si paga a pena deterse sobre as aportacións desde o punto de vista organizativo.
- 55** Tratamos de construír un grupo amplo, flexible, plural e eficaz, convivencialmente rico, con dinámicas de consenso e non exclusivistas, formando parte do desexable tecido social cívico (máis pronunciado que practicado). Buscamos a convivencia de dinámicas sectoriais e territoriais con outras globalizadoras e de alcance galego. Procuramos anudar nacionalismo e progresismo.
- 56** Obrigámonos a formular propostas con rigor científico e profesional, valorando a importancia da investigación e da aprendizaxe para todos, polo que nos negamos a ser sen máis axencia de servizos, onde hai emisores de primeira e receptores de segunda. Establecémo-la información e a transparencia contra o espírito ocultista e aprendemos a tomar decisións por nós mesmos, sen nengunha caste de dependencia doutras instancias organizativas. Mantivemos un constante espírito de franca apertura e colaboración exterior con outras organizacións e de modo dialéctico coa propia Administración Educativa.
- 57** Dentro do espazo sociolóxico e ideolóxico global onde Nova Escola Galega está situada, infelizmente non se pode falar de moitas outras organizacións sociais e cívicas do seu tamaño e incidencia, que manteñan estas conductas con normalidade nun período de tempo como o que aquí se considera.
- 58** Acadamos pois un patrimonio colectivo e uns sinais de identidade, que deberían poder seguir vigorizando os pasos futuros.

## O PROXECTO DE ESCOLA PÚBLICA E OS NOVOS RETOS EDUCATIVOS.

**59** Os movementos de Renovación Pedagóxica trazaron liñas e asomen un modelo e Proxecto de Escola Pública. A súa definición como proposta alternativa, só parcialmente asumida pola actual política educativa, na que por outra parte se rexistran regresións, segue a ser un horizonte a conseguir. Aínda así cómpre non perder de vista as realidades e retos que se anuncian.

**60** A sociedade é cada vez máis complexa e múltiple desde todos os puntos de vista. Multiplicidade de puntos de vista e de culturas, diversidade de nenos e nenas. Incerteza na plataforma de valores seguros. Presenciamos fenómenos contrarios de uniformización e de dualización social.z

**61** A escola e os educadores vense confrontados con competidores moi fortes, que teñen un gran poder de integración social e que difunden arquetipos educadores e socializadores contrapostos cos arquetipos desexables escolares, producindo unha crise, como escribiu o profesor Gimeno Sacristán, que deslaxa un proxecto universal de educación e debilita a educación institucionalizada e que valoriza a diferenza sobre a igualdade.

**62** Por outra parte son cada vez maiores as variacións relativas ó que hai que aprender e no acceso á información, existe unha abundancia de fontes externas crecentes, con enorme potencia e versatilidade, que con todo poden dana-la fundamentación interna de construción da intelixencia. Elementos todos que sen dúbida poden facer variar unha parte das funcións escolares actualmente asignadas a unha escola pública de calidade, os roles de profesores, ou os términos da dialéctica escola pública-escola privada tal como hoxe están planteados da forma máis visible: ante a diversidade e a complexidade, ¿seguirán sendo válidas as expresións actuais da universalización e institucionalización?; quizais se abran tamén novas fórmulas a contemplar dentro do Proxecto de Escola Pública Galega. Isto non debe facer esquece-las claras tarefas do presente.

**63** Diciamos na Declaración dos 10 anos de Nova Escola Galega "Que florezan cen escolas novas":

*"Temos un futuro por construír.*

*- A escola, ou xenericamente o sistema educativo, non é actualmente o único lugar de formación. É un instrumento, entre outros, para a formación e a socialización das persoas, mais a ela lle corresponde formalizar, sistematizar e transmiti-la síntese crítica dos saberes e contidos científicos e culturais recibidos no exterior de forma dispersa e fragmentaria, contribuindo deste modo ó correcto desenvolvemento das personalidades infantís e xuvenís e á súa socialización.*

*- É mester formar espíritos abertos, con flexibilidade e adaptabilidade cognitivas, dotados das disposicións e dos saberes necesarios para adquirir constantemente outros novos e adaptarse criticamente a situacións tamén novas, permitindo que cada escolar poida ser cada vez máis capaz de afronta-los problemas da súa vida. Para conseguilo cómpre un currículum integrado e atento ó devir social, anovador en canto á súa revisión e modernización constante, na procura da existencia de contidos de*



*aprendizaxe significativos, pola súa capacidade formativa, ante unha sociedade en cambio na que os estudantes se ven mergullados.*

*- Unha escola que debe contrarresta-los mecanismos que conducen a crea-las condicións do fracaso escolar, facendo dela unha axencia de lexitimación dunha sociedade desigualitaria, a través de mecanismos selectivos e meritocráticos. E mester, pois, plasmar unha pedagogía do éxito, potenciadora do desenvolvemento integral de todos e da expansión dunha pluralidade de formas a ser recoñecidas pola escola; unha pedagogía xeneradora da construción da autonomía persoal, así como da activa integración social de cada persoa desde o respecto ás diferencias.*

*- Porque a escola debe promove-la reflexión, a análise e o espírito crítico, debe fundamentarse no modelo pedagóxico preconizado pola pedagogía científica e experimental, reivindicando, pois, a experimentación e a investigación como estratexias didácticas para a construción do coñecemento na escola, así como a realización dun ensino psicolóxicamente fundamentado.*

*- Contemplamos tamén a escola como un espacio humano que debe estar cargado de afectividade positiva, de modo que se promovan as condutas de cooperación e de solidariedade e a acollida de historias de vida e non só das intelixencias. Unha escola que valora, pois, os saberes e as manipulacións concretas, así como as diversas formas de aptitude cultural socialmente recoñecidas, e que asume polo tanto o pluralismo e o relativismo cultural, ó tempo de construír o pensamento científico.*

*- A nova escola galega, en tódolos seus niveis educativos, terá que ofrecer unha formación inscrita nunha permanente inculturación galeguizadora. Partindo creativamente da lingua e da cultura galega, ela mesma deberá ser tamén axencia e motor de impulso da galeguización e da normalización lingüística. Escola que participa así na construción da identidade do país, unha identidade integradora da multiculturalidade, ó mesmo tempo que aposta pola incardinación na dimensión social, cultural e educadora europea e internacional.*

*- Sendo múltiples os axentes de socialización e de transmisión cultural, é tamén responsabilidade de todos eles, -institucións, poderes públicos, axentes sociais- a de atende-la dimensión educadora das súas actividades.*

*Atendida a diversidade do noso espacio social, cómpre reafirma-lo valor da participación social democrática para intensifica-lo diálogo educativo entre profesores e profesoras, nais e pais, alumnos e alumnas e o contorno, de xeito a facer viables as estratexias de renovación pedagóxica e de reforma escolar.*

*- Cómpre unha educación que fomente a iniciativa e a capacidade emprendedora, que fomente o exercicio real de responsabilidades, así como a cultura do traballo enriquecedor. Unha educación que, noutra orde de cousas, fomente a plasmación dos valores de paz e*

*dos dereitos humanos, promovendo en particular a coeducación, a tolerancia, a solidariedade, así como o refugo da marxinação, do racismo e da violencia.*

*- Os contidos culturais dos currículos escolares deberían recolle-las liñas sinaladas, compaxinando o rigor da ciencia e o coñecemento sistematizado coa relevancia para os que aprenden, a utilidade para mellora-la vida persoal e social e a significatividade para comprender e interpreta-la realidade contextual. A adaptación do currículo a cada contexto é así responsabilidade dos equipos educativos. A autonomía dos centros para elaborar autonomamente proxectos de centro é así unha das garantías para conqueri-lo máximo desenvolvemento de todo o alumnado. Autonomía que non quere dicir arbitrariedade nin falta de control externo. Quere dicir competencia decisiva para axustar creativamente os obxectivos de cada etapa, para xestiona-los recursos didácticos e económicos precisos para aplica-lo proxecto, e quere dicir avaliación regular e sometemento da programación e do funcionamento do centro á avaliación externa. En todo caso, a elaboración dos proxectos de centro debe ser un proceso dialogado de traballo, de sistematización e da formulación do que se fai. Un proceso que debe ser estimulado e facilitado desde o exterior en canto ás condicións da súa realización".*

**64** Asegurar, en calquera caso, unha educación de calidade, con similares prestacións e potencialidades para todos, segue a se-lo gran reto dunha sociedade democrática coa conciencia en todo caso de que a escolarización é unha pequena pero necesaria parte da educación, porque debe permitir a todos continuar aprendendo, ó ensinalles un coñecemento básico organizativo, as destrezas para novas aprendizaxe e o estímulo de aprender.

**65** Como recentemente escribiu Jesús Palacios:

"Non podemos saber cómo será a escola do futuro; continuará sendo un arma cargada de posibilidades e esperanza. Na escola ha de radica-lo antídoto máis seguro e firme contra os riscos do baleiramento intelectual, do illamento social e da degradación moral. Que cumpra esa función especialmente con aqueles nenos e nenas nadas en situacións sociais menos favorables, é dicir, que utilice todo o potencial limitado, pero incuestionable, para a compensación social, será unha das contribucións máis cruciais que a escola poderá facer.

**66** Debemos mirar ó futuro cunha certa confianza. Os nenos e nenas serán a proxección das nosas limitacións e contradicións, pero tamén dos nosos avances e esforzos".

## **"¿QUE FACER DESDE A APOSTA POLO PROXECTO DE ESCOLA PÚBLICA?.**

**67** Os movementos de Renovación Pedagóxica andamos un camiño, xunto a outros ensinantes, movementos sociais e sectores organizados, e plasmamos sen dúbida unha parte dos nosos proxectos, propostas e reivindicacións, no conxunto da realidade educativa española, e tamén na realidade educativa galega.

**68** Acumulamos un patrimonio pedagóxico, xeneramos conductas organizativas e

pedagógicas que parcialmente forman hoxe parte dun territorio máis amplo.

**69** Óense opinións nos momentos presentes que sosteñen que xa cumprímo-lo noso papel, que agora xa non temos ren substancial que aportar como tales. Sosteñen uns que están institucionalizadas as canles públicas para o desenvolvemento dunha profesionalidade madura, innovadora e reformadora. Sosteñen outros que é o momento das asociacións pedagógicas sectoriais. Aínda outros din que a magnitude das apostas depasou a capacidade organizativa dos MRPs, debendo por iso buscar paraugas e escudos máis sólidos, como puideran se-los sindicatos de traballadores do ensino. Por fin, rexístrase entre os que militan nos Movementos de Renovación Pedagóxica un estado de conciencia de dúbida sobre as capacidades colectivas dos MRPs, ante a dureza de mante-la tensión que supón saber que o combate pedagóxico é parte integrante do combate político, ante a dificultade de construír alternativas globalizadoras, ante a mesma precariedade histórica dos ensinantes galegos e a súa febleza á hora de elaborar programas educativos alternativos que son cada vez máis complexos na súa propia resolución intelectual e diante, por fin, do reducido tecido organizativo actual do/s movemento/s de renovación pedagóxica en Galicia.

**70** Hai así militantes refuxiados no plano inmediato do seu centro de traballo, ou directamente no seu propio cometido profesional didáctico e educativo, quizais algo fatigados, que tratan de dar ó seu desempeño a máxima destreza técnico-pedagóxica.

**71** Outros suxiren outras fórmulas: recrear grupos locais e primarios de traballo e de organización, comarcais, loitando nese territorio máis inmediato das evidencias a transformar; centra-lo protagonismo organizativo nun grupo sectorial que atenda a un dos campos desde os que hai que efectiviza-la transformación escolar (a integración, o multiculturalismo, a educación ambiental...), ou a algunha das áreas didácticas (asociacións de profesores de lingua galega, inglesa..., de ciencias, de matemáticas, de xeografía...); construír un aparato capaz de introducirse con forza no mercado da cultura e do tempo libre, coa importancia específica que isto ten no caso de Galicia, onde tantos recursos técnicos hai que construír e difundir para a normalización cultural; converterse en grupo de estudos e investigación, coa perda do sinal de identidade "movemento social" ou "socio-político"; transvasa-lo discurso ideolóxico-pedagóxico alternativo a outro movemento social que encadre a profesores, como os sindicatos e os partidos políticos.

**72** Ante as diversas posibilidades, deberemos pensar no significado e nas consecuencias das eleccións.

Sabemos que menos o pesimismo todo é necesario. Hai que realiza-los desempeños profesionais particulares coa máxima destreza técnico-pedagóxica, algo que é costoso de por si en todo plano individual e consome moitas enerxías; son ricos os grupos humanos territoriais onde as persoas que pensan con algúns modos similares se coñecen, comparten e conviven podendo afrontar tarefas evidentes de transformación; sen dúbida os grupos sectoriais son estrictamente necesarios para o logro do coñecemento científico e técnico e para fortalecer liñas de reforma e innovación do sistema educativo; cómprenos estar presentes no mercado cultural ante a batalla da normalización que libramos; os grupos de estudio e profundización, minoritarios, son tamén dialecticamente necesarios, porque hai aspectos que si avanza desde o traballo científico de pequenos e sólidos grupos, sendo por fin indubidable a capacidade de opinión e de presión social dos grandes movementos sociais.

**73** Pero todo o anterior deberá ser nalgunha medida globalizado, sinalando e articulando un Proxecto Global e Alternativo Pedagóxico, asumido socialmente por sectores

desexablemente cada vez máis amplos.

**74** De non ser que existise un espacio e un ámbito de xeración de propostas e de prácticas atento á construción deste Proxecto Pedagóxico, como o que representa Nova Escola Galega, humilde, precario, ¿que outros espacios o poderían representar máis cualificadamente? ¿algún dos outros MRPs? ¿algún sindicato?, ¿os profesores universitarios dos centros de formación pedagóxica por eles sós?, ¿algunhas ou todas as asociacións sectoriais e profesionais coas que contamos?

**75** Se chegados a este punto, os militantes de Nova Escola Galega decidimos poñer punto a esta experiencia organizativa, e parcela-lo seu patrimonio, para se acoller -no entender de cada un- en exclusiva a algunha das fórmulas anteriores, ¿de onde saírían propostas agregativas como algunhas das que nos deron credibilidade ata o presente?, ¿podemos ter alta confianza de que o relevo podería ser tomado por algún dos espacios distintos ó noso?, ¿acaso avanzaríamos máis decididamente cara un horizonte alternativo?.

**76** É de presumir que estas preguntas teñen respostas negativas e afirman xa que logo a virtualidade, potencialidade e conveniencia dun MRP como o que representa NEG para o desenvolvemento do específico pedagóxico do Proxecto de Escola Pública Galega.

## **NOVA ESCOLA GALEGA COMO MRP NECESARIO. UN PROGRAMA DE TRABAJO.**

**77** Suposto que se necesitan movementos de renovación pedagóxica en Galicia, entre os que está Nova Escola Galega, e recoñecendo ó mesmo tempo que, sen embargo, na actualidade perdemos peso, capacidade articuladora, organizativa e con iso tamén incidencia desde o punto de vista colectivo interno-externo, deberemos entón revisa-la nosa viabilidade operativa:

- ¿Seguimos tendo capacidade para formular globalizadamente propostas de avance? ¿somos instrumento potencialmente válido para a reflexión e a acción propositiva, ou só podemos facer un traballo de suplencia en determinados campos por fóra dos aparatos administrativos e de formación institucional?
- ¿os nosos sinais de identidade seguen a ser necesarios e debemos seguir ofrecéndoos?
- ¿Témo-lo suficiente calado humano e organizativo para poder seguir operativizando actividades sen excesivos custes e sacrificos persoais?
- ¿Que é o substancial na nosa presenza desexable? ¿que podemos ofrecer?

**78** Entre os grupos e colectivos existentes actualmente en Galicia, Nova Escola Galega integra, sen dúbida, o mellor equipo humano e intelectual, que segue a te-la capacidade potencial para formular globalizadamente propostas que permitan consolidar un Proxecto de Escola Pública Galega, se se operativizan. Se isto se dubidase, habería que responder sinalando a outro grupo organizado. Caso de non o haber mellor, temos dobre responsabilidade de non inhibirnos, porque depende de todos e cada un que este grupo non se deteriore.

**79** Sinais de identidade de Nova Escola Galega son a **transparencia** e a **credibilidade** que tanto para o profesorado máis informado como para outros sectores representamos; a

**confianza** que se nos concede como grupo laborioso e "de oficio", como un **grupo que propón con seriedade**, que fala en primeiro lugar desde a profesionalidade pedagóxica, aínda que o faga desde uns presupostos xerais filosófico-políticos e desde unha teoría educativa non asumida, por quen nos concede esa credibilidade.

**80** Son sinais de identidade a nosa estabilidade e renovación organizativa, o exercicio de toma de decisións e o funcionamento con respecto ó pluralismo interno e por consenso, a galeguización que inspira a tódalas nosas accións e expresións, a nosa vontade de participar e/ou de pular nun movemento social favorable ó Proxecto de Escola Pública Galega, a vontade de ser plataforma de opinión, a de contribuír á formación dos asociados e do conxunto do profesorado, a nosa independencia e autonomía con respecto á Administración e outros grupos, a nosa laicidade, que non neutralidade, entendida como rechazo de toda filosofía de Estado e de todo adoutramento relixioso e filosófico en canto que informante único e acientífico dos nosas posicións, porque non debe haber unha "pedagogía oficial" e porque o "ideario" duns poucos é contrario coa formulación de proxectos e a integración crítica do pluralismo democrático, sendo tamén sinal de identidade a nosa preocupación pola educación nos valores.

**81** Como Movemento de Renovación Pedagóxica necesario para construí-lo Proxecto de Escola Pública Galega e como expresión da nosa vida temos que considera-los diversos medios de acción e dinámicas a desenvolver, que substancialmente son os seguintes:

- Manter e mellora-la estrutura organizativa que asegure a converxencia, a comunicación, a permanencia, a toma de decisións e o avance do conxunto da Asociación.
- Celebración de cursos de formación e de intercambio nas súas distintas plasmacións: Cursos monográficos, Encontros e Xornadas, Congresos.
- Celebración de actividades de encontro, de convivencia e de debate: Mesas redondas, Conferencias e outras actividades de tipo puntual.
- Potencia-la formación e a produtividade de grupos de traballo e de seminarios.
- Elaborar documentos que signifiquen puntos de chegada e de maduración colectiva, para sobre tal base seguir avanzando.
- Exerce-lo pensamento propositivo e crítico en voz alta, tanto como expresión do grupo, como en colaboración con outros.
- Participar e colaborar con outras entidades e institucións, en aquilo que é conforme coa natureza do grupo.
- Utilizar para todo isto os medios informativos ós que temos acceso, impulsando neste sentido, polo menos os medios de difusión escrita teórico-práctica dos que dispoñemos.

**82** Aquí e agora, ¿que é o esencial da nosa presenza desexable? Sendo moi amplo o campo posible de dinámicas, pero téndose reducido a nosa capacidade organizativa e operativa, deberemos tratar de concentra-los nosos esforzos e a nosa presenza, coa intención de facela máis productiva e efectiva.

**83** De tal forma e como xa temos decidido, a formación permanente técnico-didáctica que poida actualmente ser resolta desde a rede de CEFOCOPs e outros servicios e centros para a formación do profesorado, non debería ser motivo de preocupación central nas nosas actividades, sexa a través de cursos como de Encontros, Xornadas e Encontros, sempre e

cando así se efectice. A tales efectos é mester incidir nos CEFOCOPs a través dos Consellos Directivos, para canalizar así as múltiples demandas e mesmo as condicións e calidades da súa resolución. E o mesmo é posible dicir doutros centros de formación. O que leva tamén a desexa-la implicación de membros de Nova Escola Galega, coa intención positiva de facer avanza-lo que coidamos que é o mellor para a Escola Pública. Isto quere dicir que a nosa implicación debería ser ordinariamente "visible". De non ser "visible", non se captaría o por qué informado das nosas intervencións e iso non faría avanza-lo Proxecto, para o que pretendemos ser instrumento. A implicación de persoas de Nova Escola Galega de modo "non visible" resultaría, en cambio, negativa para a alimentación do "Proxecto". Sería unha participación de beneficio individual.

**84** O outro modo de garanti-la "visibilidade" é o de tratar de crear outro pólo formativo, non necesariamente alternativo, facendo e programando "actividades", sen a contrapartida da reflexión alternativa tomada en serio; actividades que sen dificultade poderían integrarse nas programacións dos CEFOCOPs, dándolles mesmo así unha maior audiencia, como plataformas institucionais con máis capacidade organizativas, creadas xustamente para a formación permanente do profesorado, e se cadra mesmo unha mellor calidade.

**85** Caso de non abordar desde a nosa organización tal estratexia, e caso de que algún outro grupo ou grupos distintos das instancias institucionais si a emprendesen e invitasen a participar a membros de Nova Escola Galega, tamén nese caso a nosa participación debe ser ordinariamente "visible", para que non se dixese que hai un "aproveitamento" das nosas enerxías, nin ocorra, coa nosa paralización, unha "asimilación deformante".

**86** Tampouco é cometido fundamental á nosa esencia como MRP a nosa actuación como axencia de servizos. Non somos como un sindicato que ofrece, complementariamente coas súas funcións primeiras vacacións a baixo prezo, ofertas de compras, asesoramento facendístico, ou outros servizos para os seus afiliados, creando ó efecto unha burocracia da que participan mesmo ensinantes que deixaron con algunha frecuencia o seu oficio para realizar un traballo desta clase. Nin é cometido noso en primeira instancia crear unha Productora Editorial, pois que iso é mais lugar dunha Empresa ó efecto que non dun MRP. Pero, os afiliados de Nova Escola Galega, a través das canles oportunas e adecuadas deben intervir o máis activamente posible con espírito de servizo, singularmente na elaboración e difusión de produtos culturais que mostren ou veñan apoiar a práctica da Escola Pública Galega, porque non só a base de debates e de clarificacións intelectuais o poderemos conseguir. E en tódalas circunstancias e de modo ordinario a nosa "visibilidade" deberá ser lograda, como modo de influencia; "porque somos David ante o Goliath da comunicación". Isto debe querer dicir que os nosos produtos deberán ir asinados, para que se entenda o que implican e desde que horizonte e fonte se elaboran. Deste modo, ademais, o produto dun pequeno grupo se poderá máis facilmente facer reverter ó patrimonio cultural de Nova Escola Galega, logrando o seu mellor avance.

**87** Con eses criterios se realizan, en parte, as publicacións, de Nova Escola Galega: **Revista Galega de Educación** e **Nova Paz**, ademais do propio **Boletín Interno**. Eles nos posibilitan poder intervir nun mundo de comunicacións, así como tamén as nosas presencias a través dos medios de comunicación, ata onde o logremos e nas situacións que consideremos oportunas. Esta nosa presenza, que pode ser co-partícipe con outros, pero non delegable noutros grupos, sabendo que non hai "irmáns maiores".

**88** Cómpre a existencia de grupos e seminarios de traballo de Nova Escola Galega, para atender singularmente a aqueles campos máis directamente conflictivos co actual estado de cousas da educación e coa política imperante, por oposta ó Proxecto de Escola Pública. Son múltiples os campos; teñen que ver coa xestión democrática escolar, coa galeguización, coa educación nos valores, coa integración do multiculturalismo e da diversidade, coa acción compensatoria escolar, coa investigación didáctica fomentada desde a base, que foi a que por exemplo permitiu construír a pedagogía Freinet,... Este é un campo central para vida interna de Nova Escola Galega. De aquí se alimenta o seu proxecto; da investigación, reflexión, debate e capacidade propositiva que de aquí se pode impulsar, sairán os Documentos precisos a ofrecer ó resto da Comunidade educativa.

**89** Necesitamos a suficiente estrutura organizativa polos motivos xa enunciados anteriormente, como unha malla organizativa de comunicación, que facilite e impulse a participación dos seus membros, que permita o sentimento de grupo, que promova os intercambios, que axude a solidificar un patrimonio colectivo de crecentes adquisicións.

**90** Unha estrutura, que facilite e asegure como mínimo, a indispensable administración, a alimentación dos grupos de traballo, a diseminación interna da información, a incidencia social dos nosos produtos e posicións (a través de actividades de encontro- de non alto gasto de enerxías organizativas, como son Conferencias e Mesas Redondas), ou de actividades difusoras escritas (Medios de comunicación periódicos, medios propios...).

**91** Trátase de:

- 1) Promove-lo intercambio de experiencias, o traballo en grupo e a elaboración de materiais.
- 2) Dinamizar e participar criticamente na elaboración e posta en marcha de propostas e proxectos para a formación do profesorado.
- 3) Ofrecer elementos de análise na perspectiva da escola pública.
- 4) Potenciar e se-la canle de información cara a reforma do sistema educativo, favorecendo sempre os métodos de proceso,
- 5) Esixir e promove-lo debate, en coordinación con outras instancias, recoller propostas e alternativas ligadas ó traballo cotián de grupos e centros educativos.
- 6) Impulsar un espírito de servicio nas actividades emprendidas pola Asociación no seu conxunto ou polos seus asociados, facéndoo con espírito de aportación grupal.
- 7) Facer todo iso coa oportuna "visibilidade" exterior e o necesario grao de colaboración e participación.

**92** Alén de posibles grupos de traballo e de reflexión e de diversas e necesarias actividades zonais, con liberdade de impulso desde colectivos de asociados e con coordinación a través do Secretariado Galego da Asociación, parece moi necesario manter e mellorar: os medios de comunicación dos que se dispón, a Asemblea Anual co seu Plano de Traballo anual e o nomeamento do Secretariado, a fixación de cando menos un tema de estudo anual, cun equipo de reflexión que elabora un documento de traballo, arredor dun dos temas nucleares do Proxecto de Escola Pública Galega, para o seu posterior debate xeral-final. Un debate con importante implicación.

**93** Nada de todo isto será posible se non cambia a actual desimplicación do conxunto dos asociados. A menor participación, menores canles de participación existirán. Un exemplo: como hai un escaso número de militantes dispostos a ser Secretarios Locais, ninguén convoca as reunións locais e isto ocorre agora na maior parte das 8 zonas territoriais. A desimplicación é no noso caso un camiño de destrución do grupo Nova Escola Galega. ¿Acaso outro MRP posible pode substituírnos mellor?, ¿outra entidade?, Din moitos que os novos non veñen. É certo. É trágico. ¿A onde lles dicimos que veñan neste momento?, ¿Quen llelo di?, ¿Estámolo facendo nós?, ¿ou, dimitimos acaso, agardando que os poucos que resisten cansen?

**94** A participación cooperante coa xenerosidade no esforzo e a presenza protagonista, creativa e propositiva de todos e cada un, é un condicionante clave para a eficacia do noso traballo, pois permite pensar nos intercambios, na realización de encontros, no exame de experiencias pedagóxicas, converténdose en mel que atraerá a outros educadores, dispostos a camiñar.

**95** A dimisión sería, por desventura, a fin dunha viaxe colectiva, sen ter avanzado máis na Galeguización, na Renovación e no Proxecto de Escola Pública. Quero pensar que non chegou a fin da viaxe, e non porque resistan uns poucos, senón porque os moitos deciden avanzar, paso a paso, como sempre se fixo. Para isto si podemos chamar ós novos a afiliarse a Nova Escola Galega.

Documento de traballo  
Elaborado polo Secretariado de N E G  
para a XIII asemblea anual de Nova Escola Galega

29 de abril de 1996









Os movementos de  
renovación pedagóxica  
e a renovación  
educativa na Galicia  
dos anos 90



**g.**  
nova  
escola  
galega

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

